

Prosa do observatorio: O peso da pobreza

Case nunca é doado saber as trapelas que a vida ten dispostas diante nosa, aí, esperando o intre da confluencia, senón dos astros si das circunstancias e causalidades propias da lóxica/ilóxica da existencia. Se falo destas cousas (das reviravoltas, da lóxica, das circunstancias) non é tanto por que as coñeza de xeito intrínseco, senón como resultado da observación da realidade da miña contorna e do empeño en percibir a súa complexidade, mais este exercicio non é fácil. É tarefa de titáns ou iluminados, calidades que non se dan en min, por moito que a curiosidade me leve acotío a explorar lecturas e reflexións pouco ou nada canónicas.

Hai unha morea de anos lin con abraio o "Teatro Crítico Universal" de Xerónimo Feijoo e Montenegro, ilustre erudito. Un dos seus micro ensaios, lembro vagamente, trataba sobre "o peso do aire". Usei dos seus coñecementos nalgunhas reflexións propias e algún día hei regresar á lectura do mestre recoñecido (e admirado na súa mestura de ousadía e ponderación). Estes días, sucederon dous feitos encadeados, un artístico e outro antropolóxico social que me fixeron lembrar aquel "peso do aire".

Hai un par de semanas visitei o obradoiro do artista Michel Clerbois. Michel deixa a cidade para se mudar ao campo. Aproveita para amosar o seu obradoiro/*atelier* e, con esa escusa, tratar de vender algunhas pezas. Iso vaille permitir unha mudanza máis cómoda e, ao mesmo tempo, recadar fondos para seguir traballando sen descanso, pois é artista teimoso na procura constante na súa mestura alquímica de surrealismo de baixa intensidade e experimentalismo pertinaz. De súpeto nun curruncho do obradoiro xurde a imaxe dun Cristo redentor montado enriba dunha báscula de baño –fantástico-, que olla cara abaixo coma se estivera certificando o peso da súa santidad. Quedo con esa imaxe prendida tras dos ollos.

Saíndo do obradoiro, camiño da Porte de Namur, un pobre de pedir está reclinado diante do trinque dunha tenda pechada (aquí as tendas pechan a iso das seis e media da tarde, ou sexa que até que pase o último metro ten tempo abondo para a súa industria). Falo de industria no senso de ocupación, de actividade e non o fago sen respecto. Como outros que se ven abocados na bouza de ter que demandar a caridade pública, este home ofrece algo en troco desa caridade, complicidade ou empatía (como queiran definir o intercambio desigual e sexan crentes, agnósticos, ateos convencidos ou fiquen ancorados na dúbida existencial, que para todos eu escribo). En troques de tocar un instrumento –con máis dedicación que habelencia na meirande parte dos casos-, de facer malabares ou vender lenzos de papel diante dun semáforo, este Dióxenes da Porte de Namur fica estomballado diante dunha báscula de baño, de xeito que, en chegando o caso que un peón se deteña para lle ofrecer un óbolo, el ofrece, en xusto cambio, a posibilidade de saber o peso aproximado nunha báscula de baño.

Pensei en non parar pois levaba présa. Daquela el ía ficar sen agasallo e eu sen saber o peso da miña caridade, o peso da súa pobreza, o peso do aire que nos separa e que nos une. Fixemos o troco, eu 75 quilos, el uns euros de menos na súa cota de pobreza, que se vai facendo crónica, como a de tantos outros chegados de alén mar ou europeos de nación. O pobre de pedir e mais eu regresamos, ao unísono, a crúa realidade, aquela que fala non só de incremento senón de cronicidade na pobreza e, o que é peor, de exclusión social crecente. Respiramos o mesmo ar, e o peso do ar para os dous é o mesmo (neste tempo e lugar, como engadiría Xerónimo Feijoo), mais o peso da súa pobreza non se compensa co peso da miña empatía.

De camiño a casa pensei no Cristo redentor de Michel Clerbois, de brazos estendidos e corazón palpitante e como el ollaba abraiado o peso da súa santidad. Sentín mágoa, pois se camiñara ao meu carón vería como contei dezasete pobres de pedir nun traxecto de media hora escasa, o que fai unha media atercedora de un cada dous minutos nun paseo rutineiro que debería ser de lecer e é de vergoña. Para el tamén, supoño, e para os que pretenden curar con caridade, con empatía, con complicidade, esta praga do século XXI que é a exclusión social. A terapia require dunha revolución nos modos e nas maneiras. De todos, por descontado, de min mesmo e do mesmísimo Cristo redentor.

Xavier Queipo

